

PAUTAS PARA FAVORECER O DESENVOLVEMENTO EMOCIONAL DOS NENOS E NENAS

EVITAR PROBLEMAS DE CONDUCTA

1. **Adíquelle tempo** diariamente, escóiteo e fáelle das súas cousas. **Sexa cariñoso**, abráceo, ría e xogue con el.
2. **Estea atento as súas necesidades e capacidades**, para saber o que lle pode pedir.
3. **Propóñalle tarefas e retos que lle supoñan algo de esforzo**, pero que o farán máis autónomo e seguro.
4. **Proceda gradualmente**, por exemplo, se non colabora á hora de vestirse, empece ensinándolle como se fai e guiando, loar de palabra e con xestos cariñosos os seus avances por pequenos que sexan.
5. **Estableza hábitos e rutinas**, os pequenos non teñen unha idea precisa dos horarios, non saben o que vai pasar, a miúdo preguntan a onde van a ir ou que imos facer despois. Isto orixina conflitos, por tanto é positivo establecer unhas rutinas diarias de xeito que sepa a que hora ten que durmir a siesta ou que despois do baño ten que recoller a roupa e levala o cesto, Coméntelle os plans que ten a familia para o día.

6. Aprenda a manexar a atención, en determinados momentos é mellor non facer caso. Preste máis atención ás condutas positivas, isto axudará a que se repitan.

7. Delle a oportunidade de elixir entre alternativas aceptables.

8. Poña límites, ante condutas inadecuadas, non deixe que “se saia coa súa”. Retíralo da situación. Ter paciencia e resistir aínda que monte unha rabecha, non gritarlle nin tratar de razoar nese momento.

9. Si é necesario, castigue. Para que o castigo sexa eficaz debe ser inmediato e breve.

Pode consistir en retiralo da situación, privalo de algo que ía gozar, etc.

Antes débese avisar, pero non debemos “ameazar” e logo non cumprir nin esperar a cumprir cando xa demos cinco avisos.

10. Coide a forma de dar as ordes, pedir as cousas de xeito adecuado facilita o seu cumprimento:

- Fállelle directamente e con tranquilidade mellor que desde outra habitación levantando a voz
- Sexa breve e preciso:” Recolle as construcións e méteas na súa caixa” mellor que “ordena a habitación”
- Non utilizar preguntas que dean opción a incumprimento (¿vas a recoller os xoguetes ou non?) Tampouco quedarse en suxerencias (“Mellor que recollas os xoguetes”)
- Busque os momentos oportunos. Si está enfrascado en algo agradable déalle unha marxe de tempo
- Relacione o cumprimento dunha orden con algo agradable: “Coloca a roupa no cesto e ven que imos ver os debuxos animados”

11. Sexa coherente e constante. Pai e nai deben ter falado sobre como actuar en cuestións concretas. Si hai desacordo, nunca mostralo diante do neno ou da nena. Ambos deben esixir o mesmo.

12. Ofreza modelos adecuados, creen un clima familiar de colaboración no que se teña en conta ós demais Utilicen “por favor”, “grazas”, os nenos e as nenas imitan

13. Coide moito os comentarios, van influír na idea que teña de sí mesmo, na súa seguridade e autoestima.

14. Axúdeo a ser sociable, léveo onde poida relacionarse. Si non xoga ou non se relaciona debe animalo dándolle pautas concretas sobre o que debe dicir e facer para achegarse a outros nenos. reforce os seus avances e non comente na súa presenza que “ é moi tímido”, “non sabe relacionarse”, ...

BIBLIOGRAFÍA

*Educar niños felices y obedientes con disciplina positiva. Virginia K. Stowe. Ed. Ontro

*El niño desobediente: Estrategias para su control. C. Larroy, L. De La Fuente. Ed. Pirámide

*Comprendiendo a tu hijo de 5 años. J. Trowell. Ed Paidós (Hai de tódalas idades)

*Vamos a la cama / Duérmete niño. E. Estivill